

## DOS USOS LATINOS AOS USOS ROMANCES: O TRATAMENTO DO LÉXICO

*Xaime Varela Sieiro*

IES Chano Piñeiro, Forcarei

De todos son coñecidos os cambios profundos nas falas da Gallaecia a partir de finais do século VIII ou comezos do IX ata que emerxen en forma de código conscientemente distinto nos albores do XIII. Porén, testemuñar este proceso non parece unha empresa doada. Dende hai algúns anos parte dos meus esforzos céntranse en buscar as pegadas de tales cambios nos documentos notariais da Alta Idade Media, prestando unha especial atención ás variacións do sistema léxico relativo ao campo semántico do cotián. É común a consideración de que as actas notariais son os textos máis valiosos para isto pois, como veremos, diversas razóns empuxan aos notarios ao emprego de novas formas ou significados acordes a novas formas de vida, á existencia de novos obxectos ou formas de relación que, como afirma o profesor Díaz y Díaz, «incrustanse, mellor que peor, nun sistema (*o latín*), sen que este necesariamente se modifique. De aí xustamente a dificultade da súa apreciación» (Varela Sieiro 2003: 12).

### 1. O CORPUS

Pois ben, antes de abordar a metodoloxía ~~ta~~ l como nós a concibimos— para o tratamento do léxico nas actas notariais, coidamos necesario describir e xustificar, aínda que sexa de xeito sucinto, o corpus documental sobre o que se asenta a nosa investigación. Está constituído por preto de 4.500 documentos pertencentes a 37 centros relixiosos do actual espazo administrativo de Galicia, datados entre finais do século VIII e o 1250. Agora ben, cómprenos facer as seguintes aclaracións ao respecto:

a) O actual espazo administrativo de Galicia non coincide necesariamente co medieval, alomenos dende o punto de vista lingüístico e cultural. A este respecto xa Piel falaba dun territorio noroccidental que denominaba *Gallaecia Magna ou Maior*, se ben un pouco menor que a *Gallaecia* romana

(Mariño 1998: 103). Dende o punto de vista político, as vicisitudes que sufríu este territorio foron tamén múltiples e diversas. Porén, a cantidade de documentos que posuímos de Galicia parécenos suficiente para examinar as relacións latín-romance nun territorio onde, ao final, acabará conformándose o galego. Agora ben, isto non implica que debamos esquecer a documentación astur-leonesa; todo o contrario, pois, tocante á redacción notarial, creo que podemos falar da existencia dunha tradición común partillada, agás certos particularismos, por todo o noroeste peninsular, por todo o antigo reino astur-leonés. E ademais, para valorala na súa xusta medida, sería pertinente comparala con outras tradicións documentais do ámbito románico.

b) En canto ao número de documentos que manexamos, temos que dicir que non están todos os que son, entre outras razóns, porque para a súa lectura seguimos as principais edicións ao uso aínda que en ocasións acudimos ás fontes para verificar palabras de lectura dificultosa. Porén, nos últimos tempos foron editadas novas coleccións documentais, que aínda non consideramos, e tamén está o traballo dos investigadores do CODOLGA ([www.cirp.es/codolga](http://www.cirp.es/codolga)) que xa colgaron na rede máis de 8.000 documentos latinos de Galicia cun límite *ad quem* que chega máis alá do século XIII.

c) A elección dun período cronolóxico tan amplo ten por finalidade abranguer un maior número de documentos que nos permita trazar mellor a evolución deste sistema lingüístico. Con todo, o límite *ad quem* que establecemos de 1250 presenta de primeiras un problema metodolóxico, pois a maioría de dicionarios e estudos lexicográficos ao uso para estes temas fixan como data límite o 1200. A nosa decisión de prolongar o marco temporal ata o 1250 obedece a dúas razóns: primeiro, o 37% dos documentos do noso corpus data de 1200-1250; segundo, é a partir desta década que van aparecendo cada vez máis documentos redactados en romance.

d) Se hai algo que caracteriza o conxunto documental galego é o seu grao de tradición. Manexamos tan só 1.188 documentos orixinais —deles un 83% da primeira metade do s. XIII— mentres que os restantes, un 72% serían copias realizadas en época bastante posterior á súa redacción e reunidas nos chamados Tombo, realizados ao longo do século XIII. Este feito terá, como veremos deseguido, importantes repercusións lingüísticas. O conxunto documental máis importante, en canto ao número de actas que contén, é o Tombo de Sobrado, seguido do de Celanova, Oseira, Samos e Caaveiro.

## 2. CONDICIONANTES PARA O ESTUDO LEXICOGRÁFICO

Unha vez delimitadas algunhas das características do noso corpus, pasaremos a analizar aqueles factores ou condicionantes que consideramos rele-

vantes para o estudo do léxico dos documentos notariais, tendo en conta que nos centraremos no campo semántico do cotián en tanto que é o de maior ductilidade e, potencialmente o máis “predispuesto” á alteración.

## 2. 1. O grao de tradición do documento: orixinais / non orixinais

Esta diferenciación debe ser tida en conta en calquera estudo lingüístico e— engadimos, posto de manifesto en edicións críticas— xa que resulta que o proceso de copia pode estar suxeito a erros, interpolacións, reformulacións ou mesmo manipulacións. A fidelidade exacta ao orixinal é difícil e as diferenzas entre o orixinal e a copia achegan unha abundante e interesante información lingüística á que hai que prestar atención. Algúns destes cambios ofrecémolos resaltados na lectura dun orixinal e da copia no Tombo dun documento de Samos do a. 1074, que na edición de M. Lucas Álvarez aparece con número 79 (TSamos). As diferenzas son moi diversas e afectan non só á ortografía senón tamén á morfosintaxe e ao léxico; ás veces, as alteracións quizais buscaban unha mellor comprensión, como sucede nun doc. de Samos do a. 1050, onde a forma *inpendia* do orixinal foi trasladada ao Tombo pola máis frecuente e sinónima *utensilia* (TSamos 131, 1050)<sup>1</sup>. Pero outras veces, as propias alteracións da copia afectaban a elementos estruturais do propio documento como eran as fórmulas de pertinencia frecuentes na dispositio. Un orixinal de Samos do 1064 di así: *ipsa uilla cum omni sua prestantia, casas, kintanales, kasales, petras mouiles uel inmouiles, aruores fructuosas uel infructuosas, exitus montium uel accesum, pascuis, paudulibus earum et sesicas molinarum; et ipsa uilla cum sua populatione, boves V, pecora praemiscua, cabras, porcos...* mentres que a copia do Tombo di: *ipsa uilla cum omnibus suis praestantiis, casas, quintanales, casales, petras mobiles uel immobiles, arbores, exitus et regressus, pascua, sesigas molinares et ipsa uilla cum sua populatione boves V, pecora promiscua, capras, porcos...*

## 2. 2. O autor e o destinatario do documento

A figura do emisor neste tipo de textos é bastante complicada e pode ser causa dalgúns desaxustes, froito dun desdobramento ao tratárense duns textos pensados por unha persoa e escritos por outra. Por iso, para un estudo lingüístico é de maior importancia o notario ou *scriptor* có autor xurídico,

1. O sistema de abreviaturas utilizado para citar documentos desenvólvese na relación bibliográfica final; despois indícase o número do mesmo na edición manexada e a continuación a data. A presenza dun asterisco indica que é un documento orixinal.

pois en función do seu maior ou menor dominio da lingua aprendida, o latín, dependerá a presenza de formas romances. Porén, a documentación galega presenta aquí outro problema pois apenas coñecemos notarios cun volume importante de actas que permitan a súa análise. Por outra parte, cómpre preguntarse tamén ata que punto goza de liberdade o notario, pois o que el escribe podería estar non só condicionado polo autor xurídico do documento senón tamén polo destinatario para quen lle debían quedar claras certas partes do documentos: lindes, a propiedade que se merca ou vende, etc. Por outro lado, o feito de que escribisen, de xeito xeral, para unha sociedade descoñecedora do latín explicaría en gran medida a presenza de elementos romances inseridos nun texto redactado na lingua de prestixio que era o latín (Sabatini 1965: 972-998); e isto sen contar que en ocasións non lles quedaba outro remedio, pois a voz romance respondía a unha nova realidade, como logo veremos.

### 2. 3. *A tipoloxía documental e a súa estrutura*

A maior parte dos documentos dos que tiramos o léxico para o noso estudo son testamentos, vendas e doazóns. Así e todo, aínda carecemos de traballos que poñan en relación a tipoloxía documental e o nivel lingüístico.

Por outra banda, si é pertinente para o estudo do léxico distinguir en que parte do documento se encontra: sexa nas partes formulars (protocolo e escatocolo) que foran aprendidas duns modelos de longa tradición e repetidas —non sempre, como se adoitaba pensar— mecanicamente sexa na parte dispositiva onde o notario consignaba o que lle ditaba o autor xurídico e, por tanto, onde as relacións co romance son máis evidentes; de aí que algúns autores consideren que as peculiaridades lingüísticas destas partes responden a unha representación do romance ou a unha adecuación á realidade oral co sistema ortográfico escolar e tradicional. En efecto, é nestas partes —en menor medida nas outras— onde a lingua do notario discorre con maior fluidez e daquela onde mellor se aprecia a tensión entre o romance falado e o latín, única lingua que se aprendera e se intentaba poñer en práctica en todo acto de escritura, se ben a súa pronuncia se puidese achegar en certa medida e en ocasións, non de xeito xeral, á do romance (Puentes 1994: 269-291). A maior proximidade á realidade oral que se percibe nas partes libres está en consonancia tamén coa natureza do léxico co que se describe a propia realidade do momento, o cotián, e que é a miúdo obxecto de transaccións. Por iso, os campos semánticos máis frecuentes son, entre outros, os relativos á terminoloxía toponímica, necesaria para marcar os lindes das propiedades, o enxoval, a agricultura e gandería, construcións, utensilios e vestimentas litúrxicas, e incluso, en ocasións, encon-

tramos enumeracións de libros. Agora ben, cómpre subliñar dous aspectos a propósito deste léxico:

a) Unha boa parte conecta directamente coa tradición clásica ou tardía, coa Vulgata, coa *Regula* benedictina e, sobre todo, coas *Etymologiae* de Isidoro (cf. *sulzegas* en TCelanova 4, 938, e *sulzeca* nun doc. de 947 en López Ferreiro (1898-1909) son exemplos únicos na latinidade medieval e remitirían a Isidoro en *Etymologiae* 20, 4, 12, *Salinum uas aptum salibus. Idem est sulzica, quasi salzica*).

b) As chamadas « partes libres » dos documentos non están exentas tampouco de elementos formulars. Ata finais do século XI é bastante usual que a descrición das propiedades vaia acompañada dunha longa enumeración dos seus posibles elementos constitutivos: estas enumeracións son as denominadas “fórmulas de pertinencia”<sup>2</sup>. Velaquí un exemplo: TSobradoI 28, 920, *ipsa uilla iam dicta uobis dono terras cultas uel incultas aquas cursiles uel incurtiles, montes, fontes, exitus, domos, edificia, aurum et argentum, uestitum, ferro, metallo, arbores fructuosas et infructuosas, parietes, accessus uel recessus, quicquid ad prestitum hominis est, equas, caualos, boues, uaccas, cabras, oues, porcos, gallinas, quicquid ganauerimus aut deinceps augmentare poterimus*. Estas secuencias estereotipadas e memorizadas polos notarios malia responder a uns modelos que, en último termo, evocan a tradición formular franca e, ante todo, visigótica, posuían certa flexibilidade pois podían incorporar nesas enumeracións elementos da realidade socio-económica do contorno; por exemplo, TSobradoII 70, 1176, *ipsa uilla de Rechaneda cum omnibus suis directuris, casas, casales, petras mobiles uel immobiles, montes, fontes, plantatus, uineas, exitus aquarum cum educilibus earum, introitus et exitus, siue omnia bona que ad eandem hereditatem pertinent uel pertinere debent...* Nesta serie aparece a voz *casal*, unidade socio-económica fundamental a partir do s. XII en todo o reino astur-leonés. Do mesmo xeito, a presenza da secuencia *petras mobiles et immobiles*, coa que se alude a todas as pedras, sobre todo ás relevantes nunha propiedade, isto é, as dos marcos e as dos valados, redúcese ao ámbito hispánico con especial incidencia en todo o Noroeste peninsular (Varela Sieiro 2000: 211- 217). Con todo, o significado destas series formulars é de carácter global e non exactamente a suma dos significados de cada un dos compoñentes que a integran; detrás delas hai a vontade dunha descrición total, exhaustiva e adecuada á realidade, co fin de que todos os bens desa propiedade quedaran incluídos na transacción (Zimmermann 1989: 315).

2. O concepto tomámolo da expresión en francés “formules de pertinence” (Guyotjeannin / Picke / Tock 1993: 82).

### 3. A ANÁLISE TERMINOLÓXICA

#### 3. 1. *A lectura dos documentos*

Aínda que poida parecer unha obviedade, un dos requisitos fundamentais para poder valorar o léxico tanto na súa forma coma no seu significado é ler os documentos. A asunción da lingua dos documentos, do seu vocabulario, das súas fórmulas e estruturas será imprescindible, pois a aprehensión dos contextos de ocorrencia conduciranos ata un grao de predicibilidade que nos permitirá resolver problemas coma os seguintes:

- Lecturas erróneas ou difíciles: en CDMelónCOu 76, 1232 dáse unha lectura *peritia de casa* cando polo contexto e por contextos semellantes sabemos que se trata de *perfia*, voz exclusiva da documentación galega e da leonesa máis occidental (Varela Sieiro 1998: 251-260).
- Posibles erros do copista: en TCelanova 1, 977 encontramos a secuencia *cruces, capas, diptagos, calices et coronas* cando o esperable, o previsible, sería que no canto de *capas* estivese *capsas* como sucede en TCelanova 278, 1074 ou TSobradoI 115, 1009. De xeito idéntico en TCelanova 343, 995 o copista parece confundir *capas* por *cupas* na fórmula *in casas, capas, cupos, zerereas, lectos...* xa que o díptico *cupas, cupos* é de sobra coñecido na documentación hispánica.
- Imprecisións ou descoñecemento do significado de certas voces: en TCelanova 1, 977 encontramos a seguinte enumeración, *ad ministerium refectiois mensas et andibula, sauana, aquamanilia et facitergia, discos et paripsidas, fialas...* *Andibula* é un hápax e para saber o significado só nos queda a posibilidade de buscar secuencias semellantes. Daquela resulta que á beira de *mensas* soe situarse *catbedra*, que aquí nos falta; por tanto, o seu significado probablemente sexa próximo ao de ‘cadeira’.

#### 3. 2. *A análise cronolóxica*

Da análise cronolóxica do léxico tamén se poden inferir datos significativos. O latín, vehículo de expresión escrita, durante boa parte da Idade Media non é un todo uniforme e homoxéneo senón que atopamos diferenzas, que tamén afectan ao léxico en tanto que nos encontramos con algunhas palabras cunha situación cronolóxica perfectamente delimitada. Vexamos, a modo de exemplo, algúns resultados que se poden tirar da análise cronolóxica do vocabulario:

- Na documentación de todo o Noroeste son perceptibles dous niveis de latinidade: ata finais do século XI hai un maior distanciamento respecto á norma gramatical mentres que despois desta data as actas reflicten unha

melloría notable dos coñecementos do latín derivada da existencia dunha renovada aprendizaxe do mesmo, da man de Cluny e iniciada tras o proceso de substitución da liturxia visigótica pola romana, oficializado no a. 1080. Isto pode afectar ao léxico de diversas maneiras; por exemplo, *caballus* é unha voz ben coñecida na documentación galega dende comezos do s. IX (por exemplo, TCelanova 442, 826, *profligare potuerimus terras, uineas, kauallos, uacas,...*) e é moi empregada ata finais do século XI. A partir desta data os seus usos redúcense de xeito moi significativo e, pola contra, encontramos que os notarios prefiren o antigo e xenérico *equus*; así dos 36 documentos nos que aparece *equus*, 32 deles teñen data posterior ao 1100. Outro tanto semella co par *carnarius-aries*, con *molinum-molendinum* ou cos adxectivos *agnina-cordaria*, entre outros. É dicir, á parte de evidenciar unha mellora dos coñecementos do latín parece que se produciu unha reacción culta de carácter latinizante no senso de darlle prioridade ás formas que non coincidiran co romance da época. O gusto por voces propias do latín clásico tamén se manifesta na introdución tardía na documentación de voces como *ceruical* ou *puluinar*, que non deixaron descendentes patrimoniais nos romances.

- Outras veces a cronoloxía dalgunhas voces non obedece a outra cousa que aos cambios de vida na contorna da comunidade que as emprega. Por exemplo, *sobrado* (TACSantiago 93, 1028) comeza a usarse a partir do s. XI para designar unha innovación arquitectónica consistente en botarlle un andar máis ás, ata entón, *casas terreneas*. A primeira vez que encontramos o termo *grangia*, establecemento agrícola modelo dos monxes brancos do Císter, é en TSobradoII. 13 no ano 1142, xusto no ano no que este mosteiro é entregado aos monxes de Claraval. E a partir de aquí a presenza desta palabra só a rexistramos en mosteiros da orde como Sobrado, Oseira e Melón. Do mesmo xeito *hospitale* (TSobradoI 434, 1172) parece ser unha voz introducida polos monxes cluniacenses para referirse aos albergues de peregrinos e residencias monásticas; pero ademais alude ás ordes militares do Temple e de San Xoán que penetraron na Península a partir do primeiro tercio do século XII. Máis aínda: a proliferación na documentación da voz *casal* en tanto que unidade de habitación e explotación agraria a partir do 1100 é froito das transformacións das estruturas da sociedade feudal ao convertérense os mosteiros en novas formas de ocupación de onde obtiñan rendas en especie.

Pola contra, outras voces non tiveron continuidade nos séculos centrais da Idade Media. Así das 70 palabras de orixe árabe que rexistramos un 75% delas aparece durante os séculos X-XI, na fase de con-

- quista e expansión musulmá, e preto da metade son exemplos únicos no noso corpus e sen continuidade no romance. Sobre a falta de consolidación deste léxico, a crítica débátese entre unha temporal influencia das comunidades mozárabes emigradas ao Norte ou ben debido, simplemente, ao influxo comercial; isto é, serían unha especie de marca de denominación de orixe. Estoume a referir a voces como *addani* (TCelanova 4, 938) ‘brocado de seda de Adén (Ieme)’, *fazanzales* \*(DocLalín 3, 1019) ‘tecido bordado de la, cadarzo ou pelo de cabra propios de Fasa (Persia)’, *marayce* (TCelanova 2, 942) ‘tea rameada, de la de cabra’, *morgom* (TCelanova 4, 938) ‘tea de varias cores’, *atiuachis* (TLourenzá 1, 969) ‘brocado de seda iraní’, *exageg* (TCelanova 2, 942) ‘de seda vermella’ ou, entre outras, *kaskerxi* (TCelanova 4, 938) ‘de color mapoula’.
- Outra posibilidade é a de analizar a evolución semántica dun termo; por exemplo, ata o 1100 aproximadamente *plumacium* significaba normalmente ‘xergón’; a partir de entón, este significado pasa a ser expresado por *culcitra* e *plumacium* ve restrinxido o seu uso e significado a ‘almofada’; ou *sabanum* que como neutro ou masculino significa ‘servilleta’ e a partir do s. XIII, significa exclusivamente ‘sabas’, agora ben, baixo a forma feminina, constituíndo entón un dos moitos pares que presentan unha oposición morfolóxica -o/-a como marca de dimensionalidade e están espallados por todo o noso corpus: *copos-copas*, *cestos-cestas*, *canado-canada*, *coopertoria* ‘tapadeira’- *coopertorium* ‘cobertor’.
  - A análise cronolóxica de cada voz tamén nos permite intuír certas alteracións do documento orixinal no proceso de copia ou, cando menos, poñer en tea de xuízo a veracidade da data do documento en cuestión. Velaquí un par de exemplos: *curral* só o recolleemos en 8 documentos, todos da primeira metade do século XIII, agás CDCarboeiro 1, 788, *et inde per ipsos terminos super currales*; daquela é moi sospeitosa esa datación. Igualmente sospeitoso é o termo *pertinenciis* (Tcaaveiro 15, 714) posto que se rexistra fundamentalmente a partir do século XII.

### 3. 3. As variantes gráficas

Tras a lectura dos documentos resulta evidente a multiplicidade de formas gráficas diferentes para a mesma palabra. Un caso extremo é o de *galnapes* do que recolleemos ata 17 variantes só no noso corpus para 27 mencións:

*quenape* (TSobradoI 123, 867); *galnapes* (TSamos 5, 872); *quenabes* (TCelanova 36, 889); *gacnape* (TSobradoI 59, 920); *kennabes* (TCelanova 179, 927); *gal-*



*nabbes* (TCelanova 4, 938); *ganabes* (TSamos 35, 944); *kenabe* (TCelanova 176, 951); *ganapes* (TCelanova 558, 952); *gahnage* (TSobradoI 38, 985); *kenape* (TCelanova 181, 1005); *uenabes* (TSobradoI 137, c. 995); *uenapes* (TCelanova 276, 1011); *guenabe* (TSamos 74, 1031); *guenebe* (TSamos 8, 1052); *genabe* (TCelanova 348, 1075); *benape* (DocBóveda 3, 1168).

Por iso consideramos que a lematización é un dos procedementos necesarios para estudar as distintas variantes gráficas e a relación entre escrita e oralidade. Vexamos, a modo de botón de mostra, solucións gráficas posibles para representar algunhas características da realidade fonética do momento. Agora ben, como levamos visto é necesario obrar con prudencia e ter en conta que, en certos ambientes e certas épocas, as formas latinas, polo menos, se puidesen ler de forma tradicional.

As palatais:

- a) En copias: **cbomacio** (TSobradoI 18, 835); **cbomazo** (TSobradoI 76, 860); **plumacium** (TSobradoI 123, 867); **plumatios** (TCelanova 2, 942); **plomazo** (TCelanova 204, 1005); **flomazo** (TCelanova 204, 1005); **plumacum** (TAC-Santiago 67, 1032). En orixinais: **plumacios** \*(CDOseira 103, 1202); **plumatios** \*(DocCOu 107, 1227); **plumazum** \*(CDOseira 289, 1227). **Garnachbiam** \*(DocCOu 44, 1208); **garnachbam** \*(CDOseira 314, 1229). **Clusa** (TCelanova 391, 956); **clausa** (TCelanova 197, 1011); **cbousa** (DocNaves 1, 1216).
- b) **casarelio** (TCelanova 202, 1009); **casarello** (TSamos 8, 1052). **Telias** (TSamos 58, c. 1009); **telliario** (TSobradoI 47, s. d.); **telario** (CDRamirás 26, 1238); **legula** (TToxosoutos 39, 1220). **Carualieto** (TCelanova 380, 961); **carualeira** (TSamos 24, 990); **karualio** (TSamos 138, 1068); **caruallo** \*(CDOseira 55, 1176); **carualliam** \*(CDClodioRibeiro 31, 1222); **carualum** (TSobradoII 387, s. d.) pero **cancello** (TCelanova 497, 950); **cancelum** \*(CDOseira 102, 1200).
- c) **ligna** (TSamos 33, 902); **lingnis** \*(CDOseira 420, 1237); **corina** (TCelanova 400, 962); **cortinna** (CDTrasancos 1, 1111); **cortinea** \*(CDOseira 433, 1238); **cortiniars** (TSobradoI 16, 950); **cortinales** (TSamos 138, 1068).

As oclusivas:

- a) **Apotecis** (TSamos 33, 902); **adegas** (CDXubia 1, 977); **bodega** (Tcaaveiro 79, 1108); **abdega** (DocCOu 44, 1208).
- b) **Lagona** (TCelanova 497, 950) ; **lacunam** (CDCarboeiro 27, 1071). **Cabras** (TSobradoI 28, 920); **capras** (TCelanova 33, 936); **cabritos** \*(CDOseira 119, 1207). **Ripa** (TCelanova 208, 842); **riba** \*(DocCOu 1, 888) pero **rippa** (Tcaaveiro 209, 1107) ou (TSobradoI 433, s. d.)

Os ditongos:

- a) **Auctario** (CDRibasSil 1, 921); **outario** (TCelanova 502, 940); **autario** (TCelanova 95, 950); **auteiros** (TSamos 24, 990); **auterio** (TCelanova 555, 1001);

**octario** (TCelanova 281, 1024); **aucterio** (TCelanova 32, 1026); **outario** (TCelanova 278, 1074); **outeiro** (TCelanova 278, 1074); **octeyro** (TLourenzá 206, 1110); **alierio** (TSobradoII 52, 1171); **auterinum** \*(DocCOu 140, 1233). **Bouzas** (TSobradoI 74, 922); **baucas** (TCaaveiro 9, 925); **boza** (TSobradoII 27, 1173).

- b) **Fructus** (TCelanova 174, 964); **fructa** (TCaaveiro 74, 1216); **frutu** \*(CDOseira 233, 1223); **fruyta** (CDOseira 346, 1231); **flutibus** \*(CDRibasSil 33, 1232); **froitá** \*(CDOseira 465, 1240); **fruíta** \*(CDRamirás 50, 1247).

#### Variantes morfolóxicas

Un exemplo acabámolo de ver co sufixo *-ariu* na palabra “outeiro”. Outro caso un tanto distinto é o do morfema *-alis* e a súa variante disimilada *-aris*, se ben esta xa estaba no latín. Porén, os dous alomorfos son moi rendibles na documentación medieval, véxase, *casare* (TCelanova 232, 923) ou *casales* (TCaaveiro 9, 925) que chegaron á nosa lingua ata a actualidade. Pois ben, a forma en *-are* desta voz é un hispanismo que aparece nun 15% dos documentos onde aparece esta palabra e resulta a forma preferida do escritorio de Celanova fronte a *casal* que o é de Sobrado. Aínda así podemos atopar as dúas nun mesmo documento, síntoma de que eran coñecidas e manexadas polo notario, a saber, TSobradoII 90, 1168, *sexta de uno casale et VI<sup>a</sup> de alio et dedistis mihi precium pro illis casalibus X solidos quas tenet unum casarem*.

Como vemos, a forma de se presentaren as palabras nos documentos, a maneira que teñen os notarios de as grafaren, é múltiple e diversa de xeito que o normal é que unha mesma palabra presente varias posibilidades gráficas. Organizar dalgún xeito tal grao de variabilidade e facelo de maneira obxectiva é ben complicado. Creo que non me equivocarei demasiado se agrupo todas as formas ao redor de dous extremos:

- a) Formas que seguen a ortografía tradicional latina e que poden ser pronunciadas como tales ou ocultar unha pronuncia evolucionada: *canales* (TSamos 226, 947), *area* (CDPombeiro 1, 935).
- b) Formas romances plenas: *eiras* (DocLalín 2, 956); *kal* (TLourenzá 1, 969), *caal* (TSobradoII 182, 1209). A este respecto podemos constatar un bo grupo de voces das que só rexistramos a forma romance, véxase, *ortaleso*, *deirado*, *curro*, *curral*, *sacho*, *dorna*, *cestos*, *canados*, *coyrazas*, *relia*, *tinalia*

Entre unhas formas e outras quedan moitas que se explican, na maior parte dos casos, pola tentativa de afastarse ou achegarse a un destes dous extremos tendo en conta os múltiples factores que condicionan a escrita altomedieval, como levamos visto.

### 3. 4. *A orixe e extensión das voces*

En principio, debemos sinalar que a orixe da maior parte do léxico do cotián é latina malia se corresponder con distintas fases da latinidade. Unhas palabras pertencen á tradición latina xeral (*domicilium, lectum, ianua, torcular,...*); outras xurdiron na época tardía da latinidade (*capa, plumacium, cabana, casal, quintana...*) e outras entraron no latín procedentes doutras linguas (*camisa, scala, ou burgus*). Ademais non son poucas as que se crearon e difundiron no latín medieval deixando ou non descendentes nas linguas romances, por exemplo, *grangia, infirmaria, linolas, saia, hortat, uasamentus...* Por outra banda, unha pequena porcentaxe estaría constituída por palabras doutra orixe: xermanismos (*albergaria, lobio, banco, feltrum, luuas*), arabismos (*arrabalde, aldeia, zudas, azenias, azouge, zoramen...*) e outras palabras de procedencia difícil de precisar (*andibula, calabaza, combarro, corrogo...*). Sobre a extensión do léxico encontramos que a maior parte é común a toda a Romanía; non obstante hai voces só hispánicas (*conco, cupos, copos, colcha, aldeia, lagar, sesigas, formale, perfia...*) e outras exclusivas do noso dominio (*cancellat, cabanello, naseiro, quintanario, caneiro, cestos, dorna, canado, tulias, cisterna*).. .

### 3. 5. *O significado*

Polo que atinxe ao significado, o primeiro que temos que facer é determinalo pois non sempre é doado. Os contextos de ocorrencia e as relacións que establece unha palabra co mesmo vólvense imprescindibles para perfilar as distintas acepcións que pode ter un termo; é o material básico sobre o que se soporta a definición.

E derivado disto, deberanse diferenciar usos contextuais (usos libres, os máis rendibles significativamente / usos non libres ou formulars), significados novos que acadan determinadas palabras e, como vimos arriba, como evoluciona o seu significado. Por exemplo, cando definimos *batidica* como un constituínte do leite, unha especie de xergón ou armazón do leite, chegamos a tal conclusión case exclusivamente porque se encontraba entre outras palabras do mesmo campo semántico. Outro recurso moi valioso para resolver certos problemas significacionais é acudir ao galego medieval. Ademais agora contamos con moitos textos medievais en galego na rede grazas ao proxecto denominado Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG) coordinado por X. Varela Barreiro. E por suposto, o galego actual, o portugués e outras linguas próximas poden ser tamén de gran axuda.

### 3. 6. A *continuidade romance*

E a última fase no tratamento do léxico documental sería a de observar o seu “salto” aos textos romances, a súa pervivencia ou non, con que formas, en que tipo de textos, con que acepcións, en que contextos, etc., de tal xeito que poidamos coñecer o percorrido de cada palabra. Un exemplo: *casal*, voz amplamente documentada na prosa notarial latina e romance de Galicia, no galego medieval literario só se documenta nunha única cantiga de escarnio, segundo os datos que puidemos tirar do TMILG.

En fin, a documentación latina medieval é unha fonte inesgotable de información; e tamén lingüística, sobre o latín e sobre as relacións neste período entre o romance, lingua natural, e o latín, lingua aprendida con maior ou menor éxito e que con maior ou menor éxito se intentaba poñer en práctica en cada acto de redacción porque, como afirma o profesor Díaz, “esta lingua por tradicional garante o presente e o futuro”. Sucede que, non en poucas ocasións, os notarios, de xeito consciente ou inconsciente, fixéronnos chegar mostras e indicios do que sería o romance da época.

## ANEXO

## 1. Lectura dun doc. de Samos: o orixinal, a copia e a lectura do editor

AHN, Clero, Samos, carpeta 1240, nº2, a. 1074

... (ui)delicet Spiritus Sancti.

Domnis invictissimis *bac* triumphatoribus et post Deum mihi fortissimis patronis sanctorum Iuliani et Baselisse *virginis* et sancte *Eufmie virginis* et omnium sanctorum in quorum nomine fundatum (...) *exiguo* et inutilis Veremudus comes *prolix Ordoniz*, vos sancti Dei concedatur mihi in *celorum regna letabunda mansionem* amen. Ideo denique concedo et offero ad hunc locum sanctum et tibi *Fromaricus abba* et collegio monacorum (...) fuerint *do et concedo ad ipsum locum sanctum* villas meas prenominatas in Gallecia tam de *parentorum* quam et de *ganancia*, id sunt in Sarria villa Fafilani, in *Frogani*, villa Stephani; alia villa in *sancti Iuliani de Florenti*, alia villa (...), villa *sancti Barvalin*, duas villas in *Agimeir*, villa in sancta *Eulalia de Traylani*; *iten* et in Frogani villa de Lamas, quos fuit de Pelagio Iustiz, et sunt ipsas villas *per suis terminis et locis antiquis* quomodo in nostras *kartulas* resonant per ubi (...) *etiam* et vendiderunt. Concedo et offero ipsas villas *cum omnia bona sua* que ad prestitum *ominis* est et de nostro ganato ibidem damus *una mula* et *duas* tagaras et *uno* troliono et *una* infertoria et *uno* salare e *V<sup>c</sup>* culiaries; et de (...) pelle *alfanegue* et alia *zingave* et *uno* *capifolle* et una structura et unos pannellos et *uno* lecto *crecisco* et *V<sup>c</sup>* parelios de manteles de polendo et *V<sup>c</sup>* delitones et suas facitergias *V* mutas obtimas de lino et *I<sup>o</sup>* *pectene* de almafi, unas *ballugas* (...) parelios de sporas. Hec omnia suprataxata do et offero ad ipsum locum sanctum pro remedio anime mee.

AHU, Clero, 1173, f. 37 r/v (copia Tumbo, s. XIII)

**In nomine sancte et individue Trinitatis Patris et Filii** videlicet et Spiritus Sancti.

Domnis invictissimis *ac* triumphatoribus et post Deum mihi fortissimis patronis sanctorum Iuliani et Baselisse virginis et sancte *Eufemie* virginis et omnium sanctorum in quorum nomine fundatum extat monasterium ubi sit laus Deo per omnia secula. Ego *exiguus* et inutilis Veremudus comes **proles Ordonii, ut per** vos sancti Dei concedatur mihi in celorum **regno mansio letabunda** amen. Ideo denique concedo et offero ad hunc locum sanctum et tibi **Fromarico abbati** et collegio monacorum, Deo adiuvante, sancte regule colla submissi sunt vel fuerint ... villas meas prenominatas in Gallecia tam de **parentibus** quam et de **ganancia**, id sunt: in Sarria villa Fafilani, in **Froian**, villa Stephani; alia villa (...) alia villa in Sumoza de Lemabus, villa in Barretanos, villa (...), villa in sancta **Eolalia de Trailan**; **item** et in **Froian** villa (...) Iustiz, et sunt ipsas villas **per suos terminos et locos antiquos** quomodo in nostras (...) **resonat** per ubi illas obtinuerunt qui nobis illas dederunt **vel** vendiderunt. Concedo et offero ipsas villas **cum omnibus bonis suis** que ad prestitum **hominis** est et de nostro ganato ibidem damus **unam mulam** et **I<sup>o</sup>** tagaras et **I<sup>o</sup>** troliono et **I<sup>o</sup>** infertoria et **I<sup>o</sup>** salare e **V<sup>c</sup>** culiaries; et de raupa **I<sup>o</sup>** manto zinlave et **I<sup>o</sup>** pelle **alfanegue** et alia **zinlave** et **I<sup>o</sup>** **capifol** et una structura et unos pannellos et **I<sup>o</sup>** lecto **grezisco** et **V<sup>c</sup>** parelios de manteles de polendo et **V<sup>c</sup>** delitones et suas facitergias **V** mutas obtimas de lino et **I<sup>o</sup>** **pecten** de almafi, unas **babugas** vermiculas, III parelios de zapatas **II<sup>o</sup>** parelios de sporas. Hec omnia suprataxata do et offero ad ipsum lo-

M. Lucas Álvarez, *El Tumbo de San Julián de Samos*, 1986, nº 79, a.1074

In nomine sancte et individue Trinitatis Patris et Filii videlicet et Spiritus Sancti.

Domnis invictissimis hac triumphatoribus et post Deum mihi fortissimis patronis sanctorum Iuliani et Baselisse virgine et sancte Eufemie virgine et omnium sanctorum in quorum nomine fundatum extat monasterium ubi sit laus Deo per omnia secula. Ego exiguo et inutilis Veremudus comes proles Ordoni, ut per vos sancti Dei concedatur mihi in celorum regna mansionem letabunda amen. Ideo denique concedo et offero ad hunc locum sanctum et tibi Fromaricus abba et collegio monacorum, Deo aiuvante, sancte regule colla submissit sunt vel fuerint do et concedo ad ipsum locum sanctum villas meas prenominatas in Gallecia tam de parentorum quam et de garancia, id sunt: in Sarria villa Fafilani, in Frogani, villa Stephani; alia villa in sancti Iuliani de Fiorente, alia villa in Sumoza de Lemabus, villa in Barretanos, villa Rualin, duas villas in Argimej, villa in sancta Eulalia de Tarilani; item et in Frogani villa de Lamas, quos fuit de Pelagio Iustiz, et sunt ipsas villas per suis terminis anti- quis quomodo in nostras cartulas resonant per ubi illas obtinuerunt qui nobis illas dederunt vel vendiderunt. Concedo et offero ipsas villas cum omnia bona sua que ad prestitum ominis est et de nostro ganato ibidem damus una mula et II<sup>o</sup> tagaras et I<sup>o</sup> troliano et I<sup>o</sup> infertoria et I<sup>o</sup> salare e V<sup>c</sup> culiaries; et de raupa I<sup>o</sup> manto zingave et una pelle alfanegue et alia zingave et I<sup>o</sup> capifole et una structura et unos pannellos et I<sup>o</sup> lecto grezisco et V<sup>c</sup> parelios de manteles de polendo et V<sup>c</sup> delitones et suas facitergias V mutas obtimas de lino et I<sup>o</sup> pectone de almafi, unas bullugas vermiculas, III parelios de zapatas II

cum sanctum pro remedio anime mee.

Si quis tamen, quod fieri non credo, *aliquis homo* contra hunc *meum* factum ad *inrumpendum* venerit tam de propinquis quam de extraneis in primis (...) *sanguis* Domini nostri Ihesu Christi extraneus et cum Iuda Scarioth in eterna dampnatione dampnatus et post partem ipsius monasterii omnia de quo agitur in duplo et ad partem regis iudicandi auri talenta duo.

Facta series testamenti VIII<sup>o</sup> kalendas *marcias* era M<sup>o</sup> C<sup>o</sup>XII<sup>o</sup>... Petrus presbiter qui notuit

Si quis tamen, quod fieri non credo, contra hunc factum *meum* ad *irrupendum* venerit tam de propinquis quam de extraneis in primis sit excommunicatus et a corpore et *sanguine* Domini nostri Ihesu Christi extraneus et cum Iuda Scarioth in eterna dampnatione dampnatus et post partem ipsius monasterii omnia de quo agitur in duplo *exsolvat* et ad partem regis iudicandi auri talenta II<sup>o</sup>.

Facta series testamenti VIII<sup>o</sup> kalendas *marcii* era M<sup>o</sup> C<sup>o</sup>XII<sup>o</sup>.

parelios de sporas. Hec omnia suprataxata do et offero ad ipsum locum sanctum pro remedio anime mee.

Si quis tamen, quod fieri non credo, aliquis homo contra hunc meum factum ad *irrupendum* venerit tam de propinquis quam de extraneis in primis sit excommunicatus et a corpore et saguis Domini nostri Ihesu Christi extraneus et cum Iuda *Scarioth* in eterna dampnatione dampnatus et post partem ipsius monasterii omnia de quo agitur in duplo exsolvat et ad partem regis iudicandi auri talenta II<sup>o</sup>.

Facta series testamenti VIII<sup>o</sup> kalendas *marcias* era M<sup>o</sup> C<sup>o</sup>XII<sup>o</sup>... Petrus presbiter qui notuit.